



XI Premio de Relato Curto

Segundo accésit

Un Monólogo para Mrs. Musgrove

Pseudónimo: Nefelibata

Autoría: **Noelia Cendán Teijeiro**

A cadeira xa acusaba o paso dos anos, de forma que non había nada naqueles barrotes de madeira xa escura que incitase a gozar da placidez do descanso ou do acougo que se procura cando o azoute do traballo amaina os pulos do corpo. Un dos catro pés era lixeiramente máis curto ca os outros e un certo abaneo acababa por crear unha sinfonía continua que mesturaba o rouco son da madeira coa aguda sonoridade daquela pedra irregular sobre a que a cadeira descansaba día tras día durante o mes de agosto. Con paso curto pero decidido chegaba a sentarse nela, non sen antes botar un pequeno laio ao dobrar os xeonllos. Outro laio máis, xusto despois de sentarse, axudaba a completar con sutileza o seu cerimonial vespertino.

Coas mans debidamente cruzadas sobre aquela caxata e as pernas lixeiramente abertas para non romper o equilibrio do seu corpo, chegaba o momento de acougar, de baixar a cabeza, facéndoa descansar sobre as súas mans se era preciso. Atrás quedaban os sobresaltos do día e xa podía comezar a esbozar as súas maquinacións silandeiras. Como un mar que apouca a súa bravía tempestade os seus adentros amainaban, sometendo a loucura grazas ao bo xuízo que aínda lle permitía rexerse cabalmente. Era entón cando o seu ollar se perdía en si mesmo, nos seus pensamentos de ancián que nunca soubo de ventura, no seu camiñar pola vida, e no errar permanente do seu corazón alporizado. A súa mirada íase perdendo no chan da mesma forma que se perden as palabras ditas, como se xamais puideran volver a ser apreixadas, como se non houbera forma humana de que retornaran aos mesmos beizos. Aquela cadeira resultaba ser un remanso de paz para as súas cavilacións e, na rixidez da súa materia, atopaba o máis agarimoso dos acubillos.



O descanso, como ben sabían todos, non era para o seu corpo, que resistía con altiveza os lategazos do tempo e da idade, senón, máis ben, para os do seu corazón. Con tanto ímpeto latía, con tanto brío loitaba por achar sosego que, en ocasións, facíalle darse por vencido. Aos poucos, os seus latidos acompasábanse á melodía creada polo abanear da cadeira e parecía que todo volvía a ter sentido. Na profundidade da súa mirada, tinguida de negro, refulxían bágoas contidas que non buscaban unha saída, senón que permanecían socavando, pinga tras pinga, aquela caverna do esquecemento que conformaba o seu ollar.

Do verán había algo que non lle gustaba, a viruxe das noites, principalmente daquelas nas que a friaxe trocaba en soidade e acababa por facerlle arrepiar co medo. Non era unha sensación descoñecida para el senón, máis ben, un regreso ao seu estado natural, ao sentimento que pulía a súa alma facéndoa recuar ao sentirse vencido, elevándoa ao Parnaso nos intres de vitoria. Cando a escuridade pechaba o día tal e como tiñan cantado tantos poetas, que anegaran os seus versos coa debida melancolía, el ollaba as súas mans curtidas polos anos crendo que aínda lle quedaban folgos para loitar, para contemplar a inmensidade do escuro e reflectir con obxectividade a congoxa que bulía polos seus adentros cada vez que a vida o precipitaba ao baleiro.

—Palabras, soamente palabras, que fai un home con palabras...! Vaia trapallada...!
—levantábase da cadeira, arrastrándoa coa man esquerda mentres coa dereita se apoiaba no bastón, murmuraba uns segundos na lastra e, xa dentro da casa, pechaba a porta con ímpeto.

Ao día seguinte, Mrs. Musgrove acercouse a saudalo, tal e como facía tódolos anos cada vez que chegaba de Londres, a cidade á que emigraran seus pais cando eran novos e que dera amparo aos seus afáns laborais. Alí sentíase unha máis, pese a ser filla de emigrantes nos que sempre aniñou o desexo de retornar á súa terra. Pero Mrs. Musgrove sentíase plenamente londiniense, gustáballe a cidade das eternas promesas, mais debía recoñecer que seguía vindo á casa dos seus pais tódolos veráns por un motivo que descoñecía. Apenas tiña recordos da súa infancia en Galicia, simplemente dos veráns nos que debía aprender a deixar a un lado os rañaceos para convivir coa soidade das noites na aldea, para magoar os seus xeonllos con aquel po traizoeiro dos camiños, para espertar dos seus soños entusiastas entre as paredes dunha casa engalanada cunha misteriosa soidade.

Cada vez que retornaba pensaba na ousadía dos seus pais ao marcharen en busca dun lugar mellor, dun país no que poder esgrimir a valentía e convertela nun triunfo profesional.



Eles conseguiran chegar á cúspide do éxito con aquela zapatería sita en Berwick Street, que se convertera en referencia pola exquisita calidade do seu calzado e a cordialidade do trato ofrecido polos seus pais. Na época de maior auxe decidiran ofrecer tamén un servizo de reparación de calzado que acabou por conferirlles meirande fama, consolidando o negocio como o mellor establecemento do lugar. Foran bos tempos para todos e Mrs. Musgrove soubera aproveitar o bo facer dos seus devanceiros para triunfar como directora de *marketing* dunha multinacional. De costumes tradicionais, casárase con Mr. Musgrove había moitos anos, mais nunca puideran ter os fillos que fixeran nacer neles o auténtico sentido dunha vida correcta no seu fondo e nas súas formas. A Mr. Musgrove non lle gustaba pasar o verán no campo, polo que deixaba que a súa muller buscara na terra da súa infancia o que parecía que tanto ansiaba atopar, aínda que non soubera moi ben o que era.

Aquel día, ao tempo que se encamiñaba á casa do ancián, viu como el se sentaba fóra, sobre a lastra, nunha cadeira que el mesmo arrastraba. Mrs. Musgrove alzou a súa voz ao tempo que a súa man dereita abandeiraba un efusivo saúdo. O ancián mirou para ela, e pensou que xa chegara esa época do ano na que a calor e o encordio das voces ledas que volvían do estranxeiro empezaban a romper a calma dos seus días.

—Vaia, que bo día fai, con este fresco pódese estar á raxeira tranquilamente. A paisaxe está preciosa, quizais pinte algo, teño que recoñecer que me encanta pintar, é o meu *hobby* favorito. E vostede, ten algún *hobby*? —preguntou Mrs. Musgrove intentando resultar agradable. El ladeou a cabeza sen deixar de mirar para ela. Realmente, debía recoñecer que era reticente ó que viña de fóra. No seu momento tivera a posibilidade de marchar pero non o fixera porque non lle gustaban as traizóns, ou o que el pensaba que era unha traizón. Pese a iso, non se considerabamenos avezado, senón un pouco máis perseverante. A súa mente dirimira moi ben as diferenzas entre escaseza e constancia e as cicatrices do seu corpo dicíanlle que amaba a súa terra. Ademais, gustábanlle as palabras, pero nunca conseguira fialas de forma xeitosa, soamente repetía o que outros deixaran escrito.

—A Mrs. Musgrove gústalle pintar, a pintura debe ser dunha desas afeccións que a xente das cidades que desexa unha vida chea de éxitos deixa atrás para acabar por convertela niso que chaman *hobby* —murmuraba o ancián mentres Mrs. Musgrove se empeñaba en falarlle da súa devoción pola pintura. El nunca tivera *hobbies* recoñecidos, máis ben, non sabía que viña sendo iso ata que ela se atrevera a preguntarlle. Nunca ninguén lle fixera tal pregunta, ao resto do



mundo dáballe igual a que se dedicara e, con sinceridade, el mesmo xamais se sentira con dereito a gastar o tempo naquilo que o facía sentir ledó. Quizais esa fose unha das diferenzas fundamentais entre quedarse en Galicia nos anos da diáspora e marchar en busca doutra vida, e esa diferenza agora materializábase no que para Mrs. Musgrove era un *hobby* e no que para el era un soño sen dereito a ser soñado. Pero este era xa un tema moi vello.

—Si, encántame pintar, pero ultimamente non encontro inspiración de ningún tipo, non son capaz de... —Mrs. Musgrove seguía coa súa teima sobre a pintura cando foi interrompida polo tatear do ancián, que comezou a falar sen parar por primeira vez.

Magóanme as chousas brizas, os camiños que fenden a alma. Cae o cisco sobre os días, sobre as noites tamén, e non sei se o silencio abarrotou os meus oídos. Quizais. Para que vou escoitar as ledicias e as tristuras dos tempos novos, se son tan vellos coma min. E xa non sei se a lingua que eu falo mudou para vivir ou, simplemente, deixou de ser o emblema dos corazóns humildes para converterse en bandeira das mentes preclaras que endexamais coñeceron a terra que cría. Arume de tempos novos, déixame mollar os meus beizos nas pingas do teu saber! Déixame xermolar á luz dos soños que comezan a espertar! Déixame, déixame... permíteme... Xa, xa sei, xa sei que os meus oídos non escoitan como é debido... Claro!, son as miñas palabras, quizais sexa eu o que non teña voz! Quizais os meus berros nunca foron escoitados, quizais non haxa ninguén ao outro lado... si, quizais, sempre quizais... quizais ninguén entenda xa as miñas palabras. O outro día fun camiñando ata a encrucillada, aló, preto daquela pontella que está ao lado da carballeira. E outra vez o mesmo lategazo na alma! Eu collía a súa man con firmeza e ela quebraba para sempre a miña soidade. Non, non quixen deixar de estar só para elixir unha compañeira de por vida, para ter ao meu carón quen sandase as miñas feridas; non, non foi este instinto amigo das costumes o que me levou ao seu amor. Ao vela, quíxenme perder no triste outono dos seus ollos, no xeito do seu corpo espigado, nas sinuosas formas que a facían muller, na marusía do seu cabelo, na espontaneidade das súas aloucadas verbas, no fervor duns beizos que facían gurgullar a miña loucura. Quixen ser o seu vivir. Ela levaba un xersei amarelo, eu, a firme crenza dun amor certo... Si, deses que desafían o esquecemento e se converten na obsesión baldía dunha toleira inmortal. Aquel día ela tamén colleu a miña man e, cando quixen falarlle, xa estaba todo dito. Alí, a súa mirada converteume nun home, deixei os meus pasos baleiros atrás e comecei a sentir, a desexar amenceres novos. O meu corazón comezou



a arder; ese día, tamén me convertín nun tolo para o resto do mundo. Estendín o meu brazo para darlle de novo a miña man pero... outro lategazo máis na alma! Esa mesma mirada converteuse en po putrefacto hai anos. Agora é a terra que sanea e a miña cabeza vai de arrouxada en arrouxada, sacudida polos seus recordos... A lixeira luz das noites ao seu carón, o arume a herba verde ao atopala na leira... A súa mirada vestida coa complicidade do seu manto castaño... Outro lategazo na alma! E hoxe, o recordo desa mirada é... é... cantos recordos, canta... non atopo acubillo, nin amparo... E ninguén sabe do que falo... Será que as miñas palabras xa son moi vellas... Si, eu sei o que é un hobby, e quizais vostede nunca saiba cal é o meu. Non sabe do que falo.

O ancián torceulle a cara e volveu ao seu musitar, non lle importaba o que lle acababa de dicir, nin tan sequera que Mrs. Musgrove pensara que estaba tolo.

—*What!* —dixo Mrs. Musgrove de forma espontánea. Non podía evitar a súa sorpresa polo que acababa de escoitar, pero os seus modais, curtidos na sensatez dos formalismos, déronlle as pautas para encarar a situación. Deixando a un lado a posible carencia de cordura na mente do ancián, intentou darlle unha resposta correcta.

—Si, claro que sei do que fala, como non o vou saber! —dixo Mrs. Musgrove compadecendo o ancián pola súa inxenuidade, tratándoo como o neno no que cría que se convertían co pasar dos anos tódalas persoas—. Vostede estame a falar de amor —respondeu por fin, esbozando un sorriso con esa dozura que fere—. Debeuna querer moito, vostede debe ser desas persoas que encontraron o auténtico amor e que agora intentan aferrarse ao seu recordo para seguir vivindo —Mrs. Musgrove, pese ao ton da súa voz, o cal era doce e sereno, pensou que as súas palabras estaban resultando un pouco duras ao deducir con tanta presteza a profundidade dos seus sentimentos—. Si, creo que debeu vivir un amor moi intenso porque se ve que sempre está a roldar pola súa cabeza, mire, eu falándolle do meu *hobby*, da pintura, interesándome polos seus e vostede cos seus recordos.

O ancián estaba terriblemente molesto. Ladeou a súa cabeza e cuspiu como sinal de rexeitamento absoluto. —Quizais crea que eu non lle falei do meu *hobby* pero si que o fixen e si, a miña muller era a miña vida, o meu amor, pero lamento dicirlle que vostede non me preguntou por iso e eu non estou tan tolo como pensa. Insisto, faleille do meu *hobby*, pero quizais o refinamento dos seus modais non lle permitan encaixar na súa cabeza espelida o que



acabo de dicirlle. Verá vostede, creo que o día que entenda o que lle dixen poderá ter a inspiración que necesita para pintar algo que resulte interesante.

—Que maleducado, pero que se cre este ancián do que nin tan sequera sei o nome porque nunca se dignou a dicirmo... —dixo Mrs. Musgrove afastándose do seu carón, non estaba disposta a tolerar semellante falta de respecto.

Ese verán rematou e, con el, quedaron enterradas as palabras. Ao ano seguinte, Mrs. Musgrove volveu á súa terra, como era de costume. Ao chegar, sentiu que debía visitar o ancián, inda que tiña moi presente o seu desprazo, as súas verbas sen sentido. Pero, tras reflexionar, concluíu que a idade se apoderara dos seus coñecementos e a compaixón puido co resentimento. Ao achegarse á súa casa viu que a ventá estaba rota e que o fogar do ancián empezaba a ser presa dun evidente abandono. Comprende que o ancián morrera e, nese instante, ollou a lastra da porta na que colocaba a súa cadeira, a única que o acompañaba co mundo. Entón, sentiu un forte lategazo na alma e un profundo recordo da súa presenza, das súas palabras e do seu sereno musitar embargaron o seu corazón facendo que as lembranzas se converteran en puñaladas que se espetaban máis e máis nos seus adentros. Aquel día, comprendeu o sentido das verbas do ancián e soubo que ese sentimento que se apoderara dela tiña un nome, unha palabra que quizais xa ninguén entendera, tal como el dicía. Co paso do tempo, soubo que o que ela sentira fora “señardade” e que o *hobby* do seu particular redentor eran as palabras, a imaxe dos sentimentos que espertaban. E esa palabra que tanto a ferira converteuse, á fin, na súa inspiración para pintar sentimentos, paisaxes, para pintar a vida que volveu a latexar para ela na súa terra. Xaneiro do ano 2016. A súa primeira obra levaba ao pé unha pequena dedicatoria: *Ás palabras que dan vida ferindo*.